

COMISIÓN ACADÉMICA DO MESTRADO UNIVERSITARIO EN AVOGACÍA FACULTADE DE DEREITO DA UNIVERSIDADE DE VIGO ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 15/11/2017

1. Apróbese, por maioría¹:

a) A renovación da Prof^a. Dr^a. M^a Dolores Fernández Fustes como coordinadora académica do Mestrado universitario en Avogacía durante o curso académico 2017/18.

2. Apróbese, por unanimidade:

a) A acta da reunión anterior (7 de setembro de 2017).

b) O informe de accións de coordinación do Mestrado universitario en Avogacía do curso académico 2016/2017.

c) Que as dúas estudantes que cambiaron do despacho profesional nas prácticas externas do segundo ano, sexan avaliadas tendo en conta a cualificación numérica que lle poñan os seus actuais titores e a valoración non numérica xa presentada polo anterior.

d) Os seguintes prazos de solicitude da defensa do TFM xunto cunha versión do TFM en formato papel, por cuadruplicado:

1^o prazo (*Xaneiro*) Solicitude: do 12/01 ó 19/01/2018 Defensa: do 30/01 ó 31/01/2018

2^o prazo (*Marzo*) Solicitude: do XX/03 ó xx/03/2018 Defensa: do XX/03 ó XX/03/2018
(no caso de que existan solicitudes)

3^o prazo (*Xullo*) Solicitude: do 22/06 ó 29/06/2018 Defensa: do 10/07 ó 11/07/2018

e) O orzamento do Mestrado para o ano 2018.


f) A validación da proposta de modificación do Regulamento de prácticas.

g) A delegación na coordinadora académica do exercicio da competencia para aprobar os cronogramas de cada cuadrimestre en cada curso académico.

Ourense, 15 de novembro de 2017.

Máster universitario en Avogacía
Facultade de Dereito


Universidade de Vigo



Prof. Dr. Roberto O. Bustillo Bolado

SECRETARIO DA COMISIÓN ACADÉMICA

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión Académica do Mestrado Universitario en Avogacía, celebrada o día 15 de novembro de 2017, publicáronse oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 16 de novembro de 2017.



Concepción Martínez Martínez
Xefa de Negociado de Asuntos Xerais da Facultade de Dereito

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Consello de Goberno de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹Toda a documentación pode consultarse na Secretaría da Comisión Académica do Mestrado (despacho núm.4-1, 3º andar).